

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 12 de maio de 2023

-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as once horas do día doce de maio do ano dous mil vinte e tres, baixo a Presidencia da Ilma. Sra. Dna. M^a del Carmen Silva Rego, Presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, D. Carlos López Font, D. Santos Héctor Rodríguez Díaz, D. Gorca Gómez Díaz, Dna. Noemí Outeda Prol, Dna. Iria Lamas Salgueiro, D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo, Dna. María Ortega Iñarrea e Dna. Ana María Mejías Sacaluga co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente o Sr. Interventor, D. Antonio Graña Gómez.

Non asiste o *Dna. Ana Laura Iglesias González*, xustificando a súa ausencia.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.32625.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 5 de maio 2023.

2.32626.- CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA O APOIO AO DESENVOLVEMENTO DE FESTIVAIS MUSICAIS E DE ARTES ESCÉNICAS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA NO ANO 2023.(Expte.2022076151)

A Deputación de Pontevedra na Xunta de Goberno de 24 de xaneiro de 2023 aproba as bases para a concesión de axudas a entidades sen fins de lucro para o apoio ao desenvolvemento de festivais musicais e de artes escénicas na provincia de Pontevedra no ano 2023, e fiscalizadas as correspondentes solicitudes pola área de Intervención e co seu informe favorable sobre existencia de consignación por un importe de 150.000,00 €, con cargo á aplicación 23/330.3340.489.05 do orzamento provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar a proposta de concesión de subvencións a 14 entidades para apoiar o desenvolvemento de festivais musicais e de artes escénicas na provincia de Pontevedra no ano 2023 (CSV: IKBV7KPNWKHG4GTM), excluindo deste programa un total de 6 solicitudes por desestimento da súa solicitude ou non cumprir coas bases establecidas (CSV: C7CSHKYC9U008I4R).



3.32627.- CONDICIÓN XERAIS PARA A REALIZACIÓN DE CONTRATOS DE PATROCINIOS CON ENTIDADES PRIVADAS NO ÁMBITO DE PRODUCCIÓN AUDIOVISUAIS “PONTEVEDRA PROVINCIA PLATÓ DE CINEMA” (Expte.2023031518)

A Deputación de Pontevedra, a proposta do Servizo de Cultura, establece as condicións xerais para a realización de contratos de patrocinios con entidades privadas no ámbito de producións audiovisuais “Pontevedra Provincia Plató de Cinema”, e cos informes favorables do xefe de Servizo de Cultura así como de Intervención, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar as “*Condicións xerais para a realización de contratos de patrocinios con entidades privadas no ámbito de producións audiovisuais “Pontevedra Provincia Plató de Cinema”*” e que figuran co CSV: TSQQIXGKFE1BYRN6.

4.32628.- APROBACIÓN DA PRIMEIRA PRÓRROGA DOS LOTES 1 E 2 DO CONTRATO DO SERVIZO DE DESINSECTACIÓN, DESRATIZACIÓN Y DESINFECCIÓN Y CONTROL DE LA LEGIONELOSIS (DDD) (Expte.2021047872)

Na sesión ordinaria do día 27 de maio de 2022, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adxudicou o contrato de *Servizo de Desinsectación, Desratización y Desinfección y control de la legionelosis (DDD)* á empresa TRAGAL S.L. (NIF: B36028231), de acordo ao seguinte detalle:

Lote 1. Servizo Integral DDD (Desinsectación, Desratización e Desinfección)

Prezo ofertado para 1 ano de contrato:

Importe sen o IVE:	7.800,00 €
IVE (21%):	1.638,00 €
Importe total ofertado:	9.438,00 €

Lote 2. Control e tratamento da Lexionelosis

Prezo ofertado para 1 ano de contrato:

Importe sen o IVE:	3.800,00 €
IVE (21%):	798,00 €
Importe total ofertado:	4.598,00 €

O contrato de cada un lotes formalizouse en documentos administrativos de data 02 de xuño de 2022 e o prazo de duración é de un ano a contar desde a data de formalización de cada un dos lotes do contrato, con posibilidade de tres prórrogas de un ano de duración cada unha.

Con data 12 de abril de 2023 o Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio, coa conformidade do deputado delegado, emite informe no que se solicita prorrogar o devandito contrato polo período de un ano, con efectos desde o 02 de xuño de 2023 ao 01 de xuño de 2024.



Tendo en conta que o apartado 4.2 das cláusulas xerais do prego de cláusulas económico administrativas, de conformidade co previsto no artigo 29.2 da LCSP establece que “*A prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatorio o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes*”.

Tendo en conta que se formulou o preaviso de prórroga do contrato en data 23 de marzo de 2023 (data de comparecencia: 23/03/2023), e en todo caso con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

Tendo en conta que para dita prórroga, de conformidade coa LCSP, faise necesario que o órgano de contratación adopte acordo expreso ao respecto, previo informe do secretario xeral da Corporación, o cal é preceptivo segundo a súa disposición adicional terceira.

Tendo en conta que, con data 14 e 17 de abril do 2023, a Intervención emitiu documentos de retención de crédito e documentos de retención de crédito para exercicios futuros para atender ás obrigas económicas que resulten dos servizos que se realicen ao abeiro da prórroga dos lotes do presente contrato durante o ano 2023 e 2024.

De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención, de data 05 de maio do 2023 (CSV: 6Q8CNU2I1GEOAIB6), que conclúe o seguinte:

“En atención ao exposto e, destacadamente, do informe do responsable do contrato, infórmase favorablemente a proposta de primeira prórroga dos lotes 1 e 2 deste contrato por un ano, desde o 02 de xuño do 2023 ata o 01 de xuño do 2024. O órgano que ostenta a competencia resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 02 de xuño do 2023.”

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª.2 a),

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a primeira prórroga dos lotes 1 e 2 do contrato do “*Servicio de Desinsectación, Desratización y Desinfección y control de la legionelosis (DDD)*” subscrito coa empresa TRAGAL S.L. (B36028231), durante o período desde o 02 de xuño do 2023 ata o 01 de xuño do 2024, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.



O importe do gasto (14.036,00 €) é para a toda a duración da prórroga do contrato (desde o 2 de xuño do 2023 ata o 01 de xuño do 2024) e financiarase con cargo á/s seguinte/s aplicación/s orzamentaria/s:

Lote	Centro	Aplicación orzamentaria	Importe 2023, con IVE (7 meses)	Importe 2024, con IVE (5 meses)	
1	Cohesión Social (<i>Instalaciones Tiempo Libre. La Lanzada</i>)	231.3370.227.06	423,50 €	302,50 €	
	Centro Príncipe Felipe (Ciudad infantil)	232.2312.227.06	2.117,50 €	1.512,50 €	
	Patrimonio Documental e Bibliográfico	332.3322.227.10	338,80 €	242,00 €	
	Museo Provincial	333.3330.227.10	564,67 €	403,33 €	
	Medio Ambiente (Finca Mouriscade)	410.4120.227.10	141,17 €	100,83 €	
	Escola de Cantería	324.3243.227.10	141,17 €	100,83 €	
	Medio Ambiente (Edificio Aperos Soutomaioir)	410.4190.227.06	141,17 €	100,83 €	
	EF Areeiro	413.4123.227.10	141,17 €	100,83 €	
	Turismo Rías Baixas (Castillo Soutomaioir)	433.3360.227.10	84,70 €	60,50 €	
	Turismo Rías Baixas (Palacete e Oficinas)	433.4320.227.10	84,70 €	60,50 €	
	Infraestruturas e Vías Provinciais (<i>Parque Central, Gondomar e Lalín</i>)	456.4530.227.10	282,33 €	201,67 €	
	Servicios Centrais (<i>Pazo, Edif. Administrativo e Sede Vigo</i>)	920.9200.227.10	141,17 €	100,83 €	
	Comunicación Institucional (Imprenta Provincial)	924.9240.227.10	84,70 €	60,50 €	
	Oral	932.9320.227.10	84,70 €	60,50 €	
	Oral (Oficinas Periféricas)		282,33 €	201,67 €	
	2	Cooperación (Viveros)	942.4330.227.10	338,80 €	242,00 €
		Cooperación (CSAE)	942.4331.227.10	56,47 €	40,33 €
Servizo Asistencia Intermunicipal (<i>CAAN Armenteira</i>)		923.1705.227.10	56,47 €	40,33 €	
Cohesión Social (<i>Instalaciones Tiempo Libre. La Lanzada</i>)		231.3370.227.06	564,67 €	403,33 €	
Centro Príncipe Felipe (Ciudad infantil)		232.2312.227.06	564,67 €	403,33 €	
Museo Provincial		333.3330.227.06	176,46 €	126,04 €	
Medio Ambiente (Finca Mouriscade)		410.4120.227.06	141,17 €	100,83 €	
Escola de Cantería		324.3243.227.06	105,88 €	75,63 €	
Medio Ambiente (Edificio Aperos Soutomaioir)		410.4190.227.06	105,88 €	75,63 €	
EF Areeiro		413.4123.227.06	105,88 €	75,63 €	
Turismo Rías Baixas (Palacete e oficinas)		433.4320.227.06	105,88 €	75,63 €	
Infraestruturas e Vías Provinciais (<i>Parque Central, Gondomar e Lalín</i>)		456.4530.227.06	211,75 €	151,25 €	
Servicios Centrais (<i>Pazo, Edif. Admtivo e Sede Vigo</i>)		920.9200.227.06	141,17 €	100,83 €	
Comunicación Institucional (Imprenta Provincial)		924.9240.227.06	105,88 €	75,63 €	
Cooperación (Viveros)		942.4330.227.06	141,17 €	100,83 €	
Cooperación (CSAE)		942.4331.227.06	105,88 €	75,63 €	
Servizo Asistencia Intermunicipal (<i>CAAN Armenteira</i>)		923.1705.227.06	105,88 €	75,63 €	



Os importes dos gastos correspondentes a anualidade 2024 quedarán condicionados a aprobación do orzamento do respectivo exercicio e a existencia de crédito adecuado e suficiente nas correspondentes aplicacións orzamentarias.

5.32629.- APROBACIÓN DA PRÓRROGA DO LOTE Nº 1 DO CONTRATO DO SERVIZO CORPORATIVO DE TELECOMUNICACIÓNS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA (EXPTE. 2020033152)

Na sesión ordinaria do día 19 de febreiro de 2021, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adjudicou o lote nº 1 do contrato de *Servizo corporativo de telecomunicacións da Deputación de Pontevedra* á empresa Telefónica de España SAU (CIF A-82018474), polos valores ofertados conforme ao detalle reflexado no citado acordo.

O contrato formalizouse en documento administrativo de data 29 de marzo de 2021 e o prazo de duración é de 2 anos contados desde a sinatura da acta de inicio de prestación de servizo (fase de operación), que se produce en data 01 de xuño de 2021, con posibilidade de unha prórroga de 2 anos de duración.

Con data 20 de febreiro de 2023 o Xefe do Servizo de Novas Tecnoloxías, emite informe no que se solicita prorrogar o devandito contrato polo período de 2 anos, con efectos desde o 01 de xuño do 2023 ao 31 de maio de 2025.

Tendo en conta que o apartado 4.2 das cláusulas xerais do prego de cláusulas económico administrativas, de conformidade co previsto no artigo 29.2 da LCSP establece que *“A prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatoria o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes”*.

Tendo en conta que se formulou o preaviso de prórroga do contrato en data 15 de febreiro de 2023 (data de comparecencia: 17/02/2023), e en todo caso con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

Tendo en conta que para dita prórroga, de conformidade coa LCSP, faise necesario que o órgano de contratación adopte acordo expreso ao respecto, previo informe do secretario xeral da Corporación, o cal é preceptivo segundo a súa disposición adicional terceira.

Tendo en conta que, con data 02 de marzo do 2023, a Intervención emitiu documento de retención de crédito con número de operación 202300048463, polo importe de 236.454,1€, con cargo á aplicación orzamentaria 926.9260.222.00, e documento de retención de crédito para exercicios futuros con número de operación 202300048466, polo importe de 405.350,0€, con cargo á aplicación orzamentaria 926.9260.222.00, para atender ás obrigas económicas que resulten dos servizos que se realicen ao abeiro da prórroga do presente contrato durante o ano 2023 e 2024.



De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención, de data 05 de maio do 2023 (CSV: CZYCCHOPDGW3VR0K), que conclúe o seguinte:

“En atención ao exposto e, destacadamente, do informe do responsable do lote nº 1 do contrato, infórmase favorablemente a proposta de prórroga deste lote nº 1 do contrato por 2 anos, desde o 01 de xuño do 2023 ao 31 de maio de 2025. O órgano que ostenta a competencia resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 01 de xuño do 2023.”

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª.2 a),

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a prórroga do lote nº 1 do contrato do “*Servizo corporativo de telecomunicacións da Deputación de Pontevedra*” subscrito coa empresa Telefónica de España SAU (CIF A-82018474), durante o período desde o 01 de xuño do 2023 ata o 31 de maio do 2025, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

O importe do gasto é para a toda a duración da prórroga do lote nº 1 do contrato e financiarase con cargo á/s seguinte/s aplicación/s orzamentaria/s:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe (co IVE)
2023 (01/06 a 31/12)	23/926.9260.222.00 (vinculación)	236.454,17 €
2024	24/926.9260.222.00	405.350,00 €
2025 (01/01 a 31/05)	25/926.9260.222.00	168.895,83 €

Os importes dos gastos correspondentes a anualidade 2024 e 2025 quedarán condicionados a aprobación do orzamento do respectivo exercicio e a existencia de crédito adecuado e suficiente nas correspondentes aplicacións orzamentarias.

6.32630.- APROBACIÓN MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADQUISICIÓN DE NOVAS LICENZAS DE CLIENTES CITRIX DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E RENOVACIÓN DO PERÍODO DE VIXENCIA DAS ACTUAIS (Expte. 2023017069)

A Deputación de Pontevedra dispón dunha plataforma de equipos de traballo baseada en Citrix (cuxas licenzas foron adquiridas nos anos 2013, 2017 e 2018) mediante a cal se dispoñen terminais de traballo lixeiros para os postos de traballo finais que son utilizados polos usuarios.



Para seguir evolucionando neste sendeiro se precisa incrementar o número de licenzas actualmente dispoñibles así como renovar o período de vixencia das licencias que actualmente se posúen para os clientes da plataforma Citrix da Deputación de Pontevedra.

O obxecto do contrato, é o seguinte:

- A renovación do período de vixencia das licenzas que actualmente posúe a Deputación de Pontevedra para os clientes Citrix da súa plataforma.
- A adquisición de novas licencias Citrix para poder incrementar o número de terminais dispoñibles para esta plataforma.

Non existe actualmente programas de titularidade doutras Administracións que puideran satisfacer estas necesidades, segundo o previsto no art. 157.3 da Lei 40/2015. Realizouse unha procura no directorio de solucións do Centro de Transferencia de Tecnoloxía (CTT) sendo o resultado infrutuoso.

Dado que a Deputación non conta cos medios materiais tanto humanos como técnicos para realizar ese subministro e a súa actualización xa que é un produto específico propiedade de Citrix, precisase realizar unha contratación mediante a cal os diferentes distribuidores (partner) poderán acceder á licitación pública, para a presentación de ofertas por medios electrónicos.

En base ao exposto, con data 9/03/2023, o xefe do servizo de Novas Tecnoloxías, emite informe no que, co visto e prace da Deputada, propón a contratación do subministro de licenzas citrix e a renovación do período e vixencia das actuais. O contrato proposto ten un prazo de duración de 3 anos, sen posibilidade de prórrogas, e un orzamento base de licitación de 257.730,00€. Xunto coa proposta, o servizo achega o prego de prescricións técnicas.

Tendo en conta que o xefe do servizo de Contratación emite memoria xustificativa csv GA1NIZ5WC3XLA81U, para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato administrativo mixto (subministración /servicio), así como a elección do procedemento de adxudicación aberto, sendo este o procedemento ordinario, segundo o artigo 131.2 LCSP.

Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e con data 29/03/2023, solicita o preceptivo informe á Secretaría.

Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 29/03/2023, e as observacións contidas no mesmo, co csv E4RNJ0YJWQPFG35.

Visto que con data 13/04/2023 o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 5/05/2023, coas seguintes observacións e recomendacións:

“Polo Pleno da Corporación na súa sesión ordinaria do día 27 de febreiro de 2015 foi aprobada a adhesión da Deputación ó sistema de contratación centralizada estatal da Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación do



Ministerio de Facenda e Administracións Públicas para a contratación de determinados servizos e subministracións coma o presente. Neste intre, a vixencia do Acordo Marco 13/2018-Lote 3 finalizou o día 1 de xullo de 2022 e a día de hoxe aínda non existe un novo acordo marco en vigor, tal e como consta no informe complementario de Novas Tecnoloxías. Non obstante, sinalar que debe utilizarse o sistema de contratación centralizada tan pronto volva a ser posible.

CONCLUSIÓN: Polo exposto, infórmase favorablemente o expediente, debendo terse en conta o sinalado anteriormente.”

Visto que con data 13/03/2023, a Intervención emite documentos de retención de crédito cos números 202300053977 por importe de 65.340,00€ con cargo a aplicación orzamentaria 23/926.9260.641.00 e núm 202300053967 por importe 64.130,00€ con cargo a aplicación 23/926.9260.227.23, RCFUT núm 202300053968 por importe de 64.130,00€, quedando condicionado o gasto para as anualidades futuras (2024 e 2025), á aprobación dos respectivos orzamentos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nos mesmos.

Tendo en conta o artigo 16 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal cualifícanse en todo caso como contratos de subministración os que teñen por obxecto a adquisición e o arrendamento de equipos e sistemas de telecomunicacións ou para o tratamento da información, os seus dispositivos e programas, e a cesión do dereito de uso destes últimos, en calquera das súas modalidades de posta a disposición.

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación da subministración cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00€, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, da adquisición de novas licenzas para clientes CITRIX da Deputación de Pontevedra e renovación do período de vixencia das actuais.



O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade de 257.730,00€, IVE engadido, de acordo co seguinte detalle:

-Prezo de licitación do subministro (200 licenzas): 65.340,00€

-Prezo de licitación da renovación/anual (370+200+8 licenzas): 64.130,00. (por 3 anos: 192.390,00€)

2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (csv 4F7HRQ7VXF86F97Z) e de prescricións técnicas (csv T9FLBJZCUW3WUBEZ) que rexerán dita contratación.

3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 257.730,00 € con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2023	926.9260.641.00	65.340,00€
2023	926.9260.227.23	64.130,00€
2024	926.9260.227.23	64.130,00€
2025	926.9260.227.23	64.130,00€

En todo caso, os gastos que se deriven do presente contrato para os anos 2024 e 2025 quedarán condicionados á existencia de crédito axeitado e suficiente na correspondente aplicación orzamentaria así como á aprobación do respectivo orzamento provincial.

4.- Nomear responsable do contrato a Juan Gabriel Fernández García de la Rocha, xefe do servizo de Novas Tecnoloxías da Deputación de Pontevedra.

5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio e licitación do contrato no perfil do contratante.

7.32631.- AUTORIZACIÓN DA SUSPENSIÓN DA EXECUCIÓN DO CONTRATO DE OBRAS “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NO CAMIÑO ESCOLAR NA E.P. 3102 AO CEP. PEDRO CASELLES DENDE O PQ. 0+000 ATA O PQ. 0+400 (CONCELLO DE TOMIÑO)” (EXPT.2021041514)

A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 28/01/2022 acordou adxudicar á empresa CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, S.A. (CIF A36008886), o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Mellora da mobilidade peonil no camiño escolar na E.P. 3102 ao CEP. Pedro Caselles dende o pq. 0+000 ata o PQ. 0+400”, por importe de 249.997,71 € IVE incluído, e un prazo de execución SEIS (6) MESES..

Con data 06/06/2022 formalizouse entre o contratista e o director de obra, acta de comprobación de replanteo negativa debido a que con data 10/03/20 foi enviado a UFD o proxecto para comprobar e estudar os servizos afectados. Despois de realizar varios informes, continúaase en comunicación con UFD para poder ter concretado o retranqueo da liña e así poder iniciar a obra.



Con data 24/05/2022 formalizouse entre o contratista e o director de obra, acta de comprobación de replanteo positiva, establecéndose nese intre coma data para finalizar a obra 24/11/2022.

A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 18 de novembro de 2022 acordou autorizar a paralización parcial da execución do contrato de obras “Mellora da mobilidade peonil no camiño escolar na E.P. 3102 ao CEP. Pedro Caselles dende o pq. 0+000 ata o pq. 0+400 (Concello de Tomiño)”, con efectos dende o 04/11/2022, quedando VINTE (20) DIAS para finalizar a obra a contar dende a formalización da acta de reinicio.

Con data 24/04/2023 formalizouse entre o contratista e o director de obra, acta de reinicio das obras

Con data 28/04/2023 formalizouse entre o director de obra e o contratista nova acta de paralización, quedando nese intre QUINCE (15) DIAS, para a finalización do prazo de execución. Recolle a acta que Con data 28/04/2023 constátase que o concello de Tomiño, precisa substituír un treito da súa rede de saneamento e outro da súa rede de pluviais ante os problemas xurdidos relativos á falta de capacidade das mesmas que obrigan á substitución das tubaxes existentes por outras novas de maior capacidade. Posto que estes treitos das redes afectan ou transcorren pola zona de actuación da obra que vai dende o inicio da estrada ata o P.Q. 0+085, estímase necesario suspender a execución das obras en dito treito ata o arranxo por parte do concello de Tomiño das devanditas redes de servizos da súa titularidade, evitando así afectar ao novo firme a executar nesta obra.

A citada acta recolle unha porcentaxe de obra executada do 77,53 %, quedando unidades de obra pendentes de executar por un importe de 56.1778,07€. Coa acta xúntase relación valorada das unidades de obra executadas.

Resultando.- Que consta no expediente o preceptivo informe emitido polo xefe de Servizo de Contratación (CSV) NAHVEVAILH48IYTL, recollendo o seguinte: *“...Polo recollido na xustificación dos motivos da suspensión efectuada polo director de obra, dedúcese que faise necesario que o Concello de Tomiño substitúa un tramo da súa rede de saneamento que discorre pola zona de actuación da obra, polo que para evitar que a obra a efectuar polo Concello de Tomiño afecte ó novo firme que está pendente de executar, cumpriría autorizar a suspensión da execución do contrato, en tanto non se finalicen as obras de substitución de canalización da rede de saneamento polo Concello de Tomiño. Solventadas as incidencias, deberase formalizar un acta de reinicio das obras, quedando nese intre QUINCE (15) DIAS para a finalización do prazo de execución....”*

Considerando.- Que o artigo 190 da lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), establece no seu primeiro parágrafo que *“...dentro dos límites e con suxección ós requisitos e efectos sinalados na presente Lei, o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, declarar a responsabilidade imputable ó contratista a raíz da execución do contrato, suspender a execución do mesmo, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta...”*



Considerando.- Que o artigo 208.1 da LCSP establece que: “...se a Administración acordase a suspensión do contrato o aquela tivera lugar pola aplicación do disposto no artigo 198.5, extenderase unha acta, de oficio ou a solicitude do contratista, na que se consignarán as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución de aquel...”

Considerando.- Que o artigo 103 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas recolle o seguinte: “1. A acta de suspensión a que se refire o artigo 102 da Lei, será firmada por un representante do órgano de contratación e o contratista (...). 2. No contrato de obras a acta a que se refire o apartado anterior será tamén firmada polo director de obra, debendo unirse á mesma como anexo, en relación coa parte ou partes suspendidas, a medición de obra executada e os materiais acopiados a pe de obra utilizables exclusivamente nas mesmas. Dito anexo deberá incorporarse no prazo máximo de dez días hábiles conforme á regra de cómputo establecida no apartado anterior, prorrogable excepcionalmente ata un mes, tendo en conta a complexidade dos traballos que inclúe...”

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar a suspensión da execución do contrato de obras “Mellora da mobilidade peonil no camiño escolar na E.P. 3102 ao CEP. Pedro Caselles dende o pq. 0+000 ata o pq. 0+400 (Concello de Tomiño)”, con efectos dende o 28/04/2023

Solucionadas as causas que deron lugar á suspensión parcial da execución desta obra, formalizarase entre o contratista e o director de obra acta de reinicio, quedando nese intre QUINCE (15) DIAS, para finalizar a obra.

8.32632.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA, CONSTITUÍDA POLA EMPRESA DARLIM, S.L., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO CORRESPONDENTE A “SUBMINISTRACION DE ARTIGOS E PRODUTOS DE DROGUERÍA, ASEO PERSOAL E LIMPEZA E PRODUTOS DE LAVADO INDUSTRIAL PARA O CENTRO PRÍNCIPE FELIPE, TRÁMITE DE URGENCIA” (Expte. 2019005188)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 21 de xuño de 2019 (CSV:ULNE8H2CWLTU32IU), adjudicouse o contrato relativo a “Subministración de artigos e produtos de droguería, aseo persoal e limpeza para o Centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra” (Expte. 2019005188).

Para responder da realización deste contrato, a empresa DARLIM, S.L.U. (B-36612562), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adjudicación, por importe de 1.124,85 € segundo consta na carta de pagamento con número de operación 201900112371, de data 14/06/2019.



Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Centro Príncipe Felipe, no cal informa que *“En consecuencia, cabe informar que a empresa DARLIM, S.L.U. (CIF: B-36612562), cumpriu satisfactoriamente co obxecto do contrato, polo que, non existe inconveniente algún para proceder a devolución da garantía definitiva depositada”*.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da empresa DARLIM, S.L.U., dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: *“Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”*.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a *“Subministración de artigos e produtos de droguería, aseo persoal e limpeza para o Centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra”* (Expte. 2019005188), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en metálico, por importe de 1.124,85€, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 14/06/2019, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201900112371.

9.32633.- REPARTO DE AXUDAS ÁS CONFRARÍAS DE PESCADORAS E PESCADORES, Á FEDERACIÓN DE CONFRARÍAS E ÁS AGRUPACIÓNS DE MARISCADORAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA INVESTIMENTOS DURANTE O EXERCICIO 2023 (Expte. 2022071344)

A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 3 de febreiro de 2023, número de acordo 2.32172, aprobou as Bases Reguladoras das axudas a Confrarías de Pescadores, Federación de Confrarías e Agrupacións de mariscadoras da provincia de Pontevedra, cun orzamento total de douscentos cincuenta mil euros (250.000,00€), e foron publicadas no BOPPO número 29 do 10 de febreiro de 2023.



A base reguladora décimo terceira indica que correspóndelle á xefa do Servizo de Medio Ambiente a instrución do procedemento, quen realizará de oficio todas as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función de que o gasto das solicitudes séa subvencionable, previa fiscalización do Servizo de Intervención, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente.

Unha vez finalizado o prazo de solicitudes, e de acordo con estas bases, con código seguro de verificación (CSV): EOMY5HMYXG5DW1OF, formuláronse vinte solicitudes.

Examinadas e valoradas a totalidade das solicitudes, compróbase que que algúns expedientes inclúen elementos non subvencionables, polo que, procedese o axuste dos importes para adecualos os requisitos esixidos na convocatoria para as citadas axudas, quedando o importe total a repartir na cantidade de 222.102,69 € .

Vistos os informes emitidos, en relación o reparto das axudas, pola xefa do Servizo de Medio Ambiente do 03/05/2023, de Intervención do 03/05/2023, a restante documentación que figura no expediente, e considerando o disposto nas bases de execución do vixente orzamento da Deputación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade, aprobar o reparto das axudas a Confrarías de Pescadores, Federación de Confrarías e Agrupacións de Mariscadoras do ano 2023, por importe total de douscentos vinte e dous mil cento dous euros con sesenta e nove céntimos (222.102,69 €) con cargo á aplicación 23/410.4150.789.02 do vixente Orzamento Provincial. Dita cantidade resulta da relación que se achega na proposta de acordo con CSV: MQ3YTYXXB4IQFSGN que se aproba no presente acto.

10.32634.- VALIDACIÓN DE EXPEDIENTES

Vista a relación de facturas con número 2023033866, que contén 1 facturas e por un importe de 5.366,96 € e con CSV: D2Z8Q97HZ25I5BT2, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 04/05/2023, e o/os xefe/s de servizo ou responsables dos centros Xestores, no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican anulabilidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de validación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	5.366,96 €
Descontos do IRPF	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	5.366,96 €

Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se Aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.



11.32635.- RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL

Vista a relación de facturas con número 2023033867, que contén catro facturas e por un importe de 11.669,35€ e con CSV: 3UA8THI1TQM3SB5Q, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 4/05/2023, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de *recoñecemento extraxudicial de créditos*, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	11.669,35 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	11.669,35 €

Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.

12.32636.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA FUNDACIÓN TRASLATIO Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA A RECUPERACIÓN DO BUQUE DE VAPOR “HIDRIA SEGUNDO”, APROBADA Ó SEU FAVOR EN XUNTA DE GOBERNO DE DATA 12/08/2022 (Expte. 2022036393)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial, na súa sesión do día 12 de agosto de 2022, unha subvención a favor da Fundación Traslatio, con CIF: G27837988, para a recuperación do buque de vapor "Hidria Segundo", por un importe de 10.000,00€, con cargo á aplicación 23/332.3322.789.01.2022, e recibido escrito da entidade interesada na sede electrónica, con data 28 de abril de 2023 (núm. de rexistro WEB2023028735), a través do cal renuncia á subvención concedida no seu día por non contar cos recursos financeiros suficientes para a execución das obras obxecto da axuda, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta a dita renuncia e declara concluso o citado procedemento, de acordo co disposto no artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

13.32637.- APROBACIÓN DA REVISIÓN EXCEPCIONAL DE PREZOS DO CONTRATO DA OBRA “MELLORA DA INTERSECCIÓN MEDIANTE ROTONDA NA E.P. 7201 CACHAFEIRO-SILLEDA, P.Q. 21+800 (SILLEDA) (Expte. 2020039953)

Por acordo da Xunta de Goberno de data 5 de novembro de 2021, adxudícase o contrato de obras “*Mellora da intersección mediante rotonda na E.P. 7201 Cachafeiro-Silleda, P.Q. 21+800 (Silleda)*”, á empresa MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. (B36533537) polo importe 252.299,67 € IVE incluído cun prazo de execución de 5 meses.



Con data 24 de maio de 2022 e 12 de xaneiro do 2023 a empresa MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. presenta por rexistro (WEB2022031773 e WEB2023001809 respectivamente) unha solicitude de revisión excepcional de prezos acompañada dos cálculos propostos cos índices publicados.

Analizada a solicitude, e vistas as diferentes interpretacións do Real Decreto-lei 3/2022, do 1 de marzo, de medidas para a mellora da sustentabilidade do transporte de mercadorías por estrada e do funcionamento da cadea loxística, e polo que se transpone a Directiva (UE) 2020/1057, do 15 de xullo de 2020 (de agora en diante, Real Decreto-lei 3/2022), que permite a revisión excepcional de prezos, e da modificación operada pola Real Decreto-lei 6/2022, do 29 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan Nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína, e das dificultades na súa aplicación; a Deputación de Pontevedra realiza unha consulta á Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado, con data 13 de xuño de 2022, sobre diversas cuestións de aplicación da revisión excepcional de prezos nos contratos de obra.

Polo servizo técnico de Infraestruturas emítase informe, con data 14 de marzo do 2023 (CSV: AH7LBQ6Y2M5UD6JB) no que se sinala que:

- *Trátase dun contrato que foi formalizado o día 14/12/2021 logo de que o día 14/09/2021 rematara o prazo para presentar as ofertas, determinando en consecuencia o índice de referencia a partir do cal debe establecerse a procedencia dun expediente de revisión de prezos.*
- *O solicitante propón a fórmula N° 153 de revisión de prezos. Dado que nin no proxecto construtivo nin no PCAP se determina a fórmula de revisión de prezos a empregar, logo do análise das diferentes fórmulas-tipo xerais de revisión de prezos dos contratos de obras aprobadas polo RD 1359/2011 do 7 de outubro, dende o Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais se considera que a fórmula n° 381, non coincidente neste caso coa proposta na solicitude, é a que houbera correspondido ó contrato. Xúntase revisión efectuada.*
- *O solicitante aporta xustificación do requisito do artigo 7.1 do RDL 3/2022, de 1 de marzo, sobre a existencia dun incremento do coste dos materiais especificados, maior do 5 por cento do importe certificado do contrato utilizando a fórmula n° 153 aínda que de xeito erróneo ao sumar os importes da certificación 6 e da certificación final e aplicándolle o coeficiente de revisión de xuño de 2022. Dende o Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais se considera que utilizando a fórmula 381 cúmprese dito requisito, obtendo un incremento do 6,43%. Xúntase revisión efectuada.*
- *O solicitante aporta unha xustificación do importe de revisión de prezos a abonar utilizando a fórmula n° 153, aínda que de xeito erróneo ao sumar os importes da certificación 6 e da certificación final e aplicándolle o coeficiente de revisión de xuño de 2022, obtendo un importe de 34.831,73€ máis IVE . Xúntanse os cálculos xustificativos efectuados polos servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais que corresponderían no caso de ser procedente a revisión de prezos, usando a fórmula n° 381 determinando que a revisión de prezos que procedería é de 19.202,71 € (con IVE).*
- *O acta de recepción das obras formalizouse o día 20/06/2022. Foi aprobada a certificación final das obras o 22/07/2022, determinando en consecuencia o día da aprobación da certificación final a finalización do contrato de obras ós efectos do cumprimento do prazo sinalado no art. 9.1 do RDL 3/2022, de 1 de marzo, prazo que se cumpre dado que a solicitude de revisión de prezos foi realizada o día 24/05/2022.*



Con data 12 de abril do 2023, a Intervención certifica a existencia de crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.01.2022 do vixente orzamento provincial, quedando retido ou importe de 19.202,71 € mediante ou documento de retención de crédito núm. 202300079031.

Trasladado o expediente á Intervención ó obxecto de ser fiscalizado nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro. A Intervención, con data 12 de abril, informa que favorablemente a proposta de aprobación da revisión excepcional de prezos coas seguintes observacións:

“Corresponde ao órgano de contratación ditar a proposta de revisión que deberá ser notificada ao contratista con indicación da fórmula de aplicación e do importe resultante.

A contía resultante da revisión aplicarase na certificación final da obra como partida adicional con pleno respecto á lexislación orzamentaria.

A efectos de tramitación do pago achegarase polo contratista declaración responsable da non interposición de recurso ou reclamación administrativa ou exercicio de calquera tipo de acción xudicial por mor do incremento dos custes dos materiais neste contrato ou, no seu caso, a acreditación da desistencia dos mesmos.”

Con data 05/05/2023 Secretaría presta conformidade á proposta de revisión excepcional de prezos tendo en conta as circunstancias que concorren no presente contrato e a existencia do informe do Servizo responsable do mesmo.

Considerando o previsto no artigo 103 e seguintes de Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, sobre a revisión de prezos contratos.

Considerando que o Real Decreto-lei 3/2022, que prevé, no seu Título II, medidas de carácter extraordinario para permitir unha revisión excepcional dos prezos dos contratos públicos de obras afectados pola subida dos prezos dos materiais.

Considerando que o día 30 de marzo de 2022, publicouse en BOE/BOE a Real Decreto-lei 6/2022, do 29 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan Nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína, na Disposición final trixésima sétima, modifica os artigos 6 , 7 , 8 e 9 da Real Decreto-lei 3/2022, do 1 de marzo.

Considerando o Real Decreto-lei 14/2022, do 1 de agosto, de medidas de sustentabilidade económica no ámbito do transporte, en materia de bolsas e axudas ao estudo, así como de medidas de aforro, eficiencia enerxética e de redución da dependencia enerxética do gas natural, que volve modificar o artigo 6 do Real Decreto-lei 3/2022, do 1 de marzo, relativo aos casos susceptibles de revisión excepcional de prezos nos contratos de obras.

Considerando as fórmulas do anexo II do Real Decreto 1359/2011, do 7 de outubro, polo que se aproba a relación de materiais básicos e as fórmulas-tipo xerais de revisión de prezos dos contratos de obras e de contratos de subministración de fabricación de armamento e equipamento das Administracións Públicas.



Considerando que a Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, non seu apartado 1, faculta á Ilma. Presidenta para actuar coma órgano de contratación respecto deste contrato, e tendo en conta ou disposto non artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba ou Texto refundido dá Lei reguladora das facendas locais e ou establecido nas bases de execución do orzamento provincial,

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a revisión de prezos excepcional do contrato de obras “*Mellora da intersección mediante rotonda na E.P. 7201 Cachafeiro-Silleda, P.Q. 21+800 (Silleda)*”, adxudicado á empresa MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. (B36533537), aplicando a fórmula nº 381 recollida no do Real Decreto 1359/2011, do 7 de outubro, polo que se aproba a relación de materiais básicos e as fórmulas-tipo xerais de revisión de prezos dos contratos de obras e de contratos de subministración de fabricación de armamento e equipamento das Administracións Públicas.

Aplicada a fórmula de revisión de prezos resulta un importe de revisión de 19.202,71 € ,IVE incluído.

2.-Autorizar e dispoñer o gasto da revisión excepcional de prezos a favor da empresa MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. (B36533537) por importe 19.202,71 € con cargo á aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.01.2022 do vixente orzamento provincial.

O pago quedará condicionado a achega polo contratista da declaración responsable de non interposición de recurso ou reclamación administrativa ou exercicio de calquera tipo de acción xudicial por mor do incremento dos custos das materias neste contrato, ou, no seu caso, a acreditación do desestímulo dos mesmos, non prazo de 10 días a contar dende ou día seguinte a notificación deste acordo.

14.32638.- APROBACIÓN DA REVISIÓN EXCEPCIONAL DE PREZOS DO CONTRATO DA OBRA “REPOSICIÓN DE FIRME NA E.P. 6106 MACEIRAS-ALVARELLOS, DO P.Q. 0+000 Ó P.Q. 4+810 (DOZÓN) (EXPTE. 2021034032)

A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria do día 10 de xaneiro de 2022, acordou adxudicar a obra de “*Reposición de firme na E.P. 6106 Maceiras-Alvarellos, do P.Q. 0+000 ó P.Q. 4+810 (Concello de Dozón)*” á empresa CONSTRUCCIONES RAFER, S.L. por importe de 332.882,69 € IVE incluído cun prazo de execución de 4 meses.

Con data 18 de xullo de 2022 a empresa CONSTRUCCIONES RAFER, S.L. presenta por rexistro (WEB2022040534) unha solicitude de revisión excepcional de prezos para o dito contrato acompañada dos cálculos propostos cos índices publicados.

Analizada a solicitude, e vistas as diferentes interpretacións do Real Decreto-lei 3/2022, do 1 de marzo, de medidas para a mellora da sustentabilidade do transporte de mercadorías por estrada e do funcionamento da cadea loxística, e polo que se transpone a Directiva (UE) 2020/1057, do 15 de xullo de 2020 (de agora en diante, Real Decreto-lei 3/2022), que permite a revisión excepcional de prezos, e da modificación operada pola Real Decreto-lei 6/2022, do 29 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan



Nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína, e das dificultades na súa aplicación; a Deputación de Pontevedra realiza unha consulta á Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado, con data 13 de xuño de 2022, sobre diversas cuestións de aplicación da revisión excepcional de prezos nos contratos de obra.

Polo servizo técnico de Infraestruturas emítese informe, con data 14 de marzo de 2023 (CSV: LDICH0GFMTY8897R) no que se sinala que:

- *“Trátase dun contrato que foi formalizado o día 12/01/2022 logo de que o día 03/11/2021 rematara o prazo para presentar as ofertas, determinando en consecuencia o índice de referencia a partir do cal debe establecerse a procedencia dun expediente de revisión de prezos.*
- *O solicitante propón a fórmula de revisión de prezos nº153. Dado que nin no proxecto construtivo nin no PCAP se determina a fórmula de revisión de prezos a empregar, logo do análise das diferentes fórmulas-tipo xerais de revisión de prezos dos contratos de obras aprobadas polo RD 1359/2011 do 7 de outubro, dende o Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais se considera que a fórmula nº 153 (coincidente coa proposta polo contratista) é a que houbera correspondido ó contrato. Xúntase revisión efectuada.*
- *O solicitante, alegando a falta de índices de prezos aprobados, non aporta xustificación do requisito do artigo 7.1 do RDL 3/2022, de 1 de marzo, sobre a existencia dun incremento do coste dos materiais especificados no artigo, maior do 5 por cento do importe certificado do contrato. Dende o Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais se considera que utilizando a fórmula 153 cúmprese dito requisito, obtendo un incremento do 16,16%. Xúntase revisión efectuada.*
- *O solicitante non aporta unha xustificación do importe de revisión de prezos a abonar. Xúntanse os cálculos xustificativos efectuados polos servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais que corresponderían no caso de ser procedente a revisión de prezos, usando a fórmula nº 153 determinando que a revisión de prezos que procedería é de 56.724,73 € con IVE.”*

Con data 12/04/2023, a Intervención certifica a existencia de crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.02 do vixente orzamento provincial, quedando retido ou importe de 56.724,73 €, mediante ou documento de retención de crédito núm. 202300078991.

Trasladado ou expediente á Intervención ó obxecto de ser fiscalizado nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro. A Intervención, con data 12/04/2023, informa favorablemente a proposta da aprobación da revisión excepcional de prezos coa seguinte observación:

“Corresponde ao órgano de contratación ditar a proposta de revisión que deberá ser notificada ao contratista con indicación da fórmula de aplicación e do importe resultante.

A contía resultante da revisión aplicarase na certificación final da obra como partida adicional con pleno respecto á lexislación orzamentaria.

A efectos de tramitación do pago achegarase polo contratista declaración responsable da non interposición de recurso ou reclamación administrativa ou exercicio de calquera tipo de acción xudicial por mor do incremento dos custes dos materiais neste contrato ou, no seu caso, a acreditación da desistencia dos mesmos.”

Con data 05/05/2023 Secretaría presta conformidade á proposta de revisión excepcional de prezos tendo en conta as circunstancias que concorren no presente contrato e a existencia do informe do Servizo responsable do mesmo.



Considerando o previsto no artigo 103 e seguintes de Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, sobre a revisión de prezos contratos.

Considerando que o Real Decreto-lei 3/2022, que prevé, no seu Título II, medidas de carácter extraordinario para permitir unha revisión excepcional dos prezos dos contratos públicos de obras afectados pola subida dos prezos dos materiais.

Considerando que o día 30 de marzo de 2022, publicouse en BOE/BOE a Real Decreto-lei 6/2022, do 29 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan Nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína, na Disposición final trixésima sétima, modifica os artigos 6, 7, 8 e 9 da Real Decreto-lei 3/2022, do 1 de marzo.

Considerando o Real Decreto-lei 14/2022, do 1 de agosto, de medidas de sustentabilidade económica no ámbito do transporte, en materia de bolsas e axudas ao estudo, así como de medidas de aforro, eficiencia enerxética e de redución da dependencia enerxética do gas natural, que volve modificar o artigo 6 do Real Decreto-lei 3/2022, do 1 de marzo, relativo aos casos susceptibles de revisión excepcional de prezos nos contratos de obras.

Considerando as formulas do anexo II do Real Decreto 1359/2011, do 7 de outubro, polo que se aproba a relación de materiais básicos e as fórmulas-tipo xerais de revisión de prezos dos contratos de obras e de contratos de subministración de fabricación de armamento e equipamento das Administracións Públicas.

Considerando que a Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, non seu apartado 1, faculta á Ilma. Presidenta para actuar coma órgano de contratación respecto deste contrato, e tendo en conta ou disposto non artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba ou Texto refundido dá Lei reguladora das facendas locais e ou establecido nas bases de execución do orzamento provincial,

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- *Aprobar a revisión de prezos excepcional da obra “Reposición de firme na E.P. 6106 Maceiras-Alvarellos, do P.Q. 0+000 ó P.Q. 4+810 (Doazón)”*, adxudicado á empresa CONSTRUCCIONES RAFER SL (B36052702), aplicando a fórmula nº 153 recollida no do Real Decreto 1359/2011, do 7 de outubro, polo que se aproba a relación de materiais básicos e as fórmulas-tipo xerais de revisión de prezos dos contratos de obras e de contratos de subministración de fabricación de armamento e equipamento das Administracións Públicas.

Aplicada a fórmula de revisión de prezos resulta un importe de revisión de 56.724,73 € ,IVE incluído.

2.-Autorizar e dispoñer o gasto e o pago da revisión excepcional de prezos a favor da empresa CONSTRUCCIONES RAFER SL (B36052702) por importe 56.724,73 € con cargo á aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.02 do vixente Orzamento Provincial.



O pago quedará condicionado a achega polo contratista da declaración responsable de non interposición de recurso ou reclamación administrativa ou exercicio de calquera tipo de acción xudicial por mor do incremento dos custos das materias neste contrato, ou, no seu caso, a acreditación do desestímulo dos mesmos, non prazo de 10 días a contar dende ou día seguinte a notificación deste acordo.

15.32639.- RATIFICACIÓN DA SOLICITUDE DE AXUDA Á FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEMP) PARA A EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA EP9101 O GROVE-IGREXA DE SAN VICENTE, (PK 1+000 AO PK 2+550) (O GROVE)”(Expte.2022071460)

De conformidade co disposto na *Guía de execución e xustificación das convocatorias de axudas para a promoción de estilos de vida saudable a través da creación ou rehabilitación de contornas saudables*, en relación coa listaxe de documentación de xustificación, no punto 14, como “Outros documentos xustificativos obrigatorios na execución do proxecto”, requírese a presentación da “ratificación da aprobación do proxecto en órgano competente, acordo de Pleno ou Xunta de Goberno, cando a solicitude do proxecto se realizase por resolución ou decreto de Alcaldía”.

Tendo en conta todo o que antecede, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade ratificar a Resolución presidencial número 2022008969, de 15 de decembro de 2022, tramitada polo Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, e da cal deuse conta ao Pleno da Deputación en sesión de 21 de decembro de 2022, pola cal se acordou solicitar axuda á Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) para a execución da actuación denominada “*Mellora da seguridade viaria na EP 9101 O Grove-igrexas de San Vicente, desde o p. q. 1+000 ata o p. q. 2+550 (Concello do Grove)*” e a asunción dos compromisos esixidos nas bases reguladoras e convocatoria de axudas para a realización de accións destinadas á promoción de estilos de vida saudables no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, cuxo contido literal é o seguinte:

“RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

Expte.	2022071460
Asunto	<i>Aprobación do proxecto singular denominado “Mellora da seguridade viaria na EP 9101 O Grove-igrexas de San Vicente, desde o p. q. 1+000 ata o p. q. 2+550 (concello do Grove)” para a súa presentación á subvención para a realización de accións destinadas á promoción de estilos de vida saudables a través da creación ou rehabilitación de contornas saudables convocada pola Federación Española de Municipios e Provincias.</i>
Trámite	RESOLUCIÓN DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN

A Presidencia, no uso das facultades que lle confire a normativa local vixente, dita a seguinte RESOLUCIÓN de APROBACIÓN DE PROXECTO E SOLICITUDE DE AXUDA Á FEMP PARA A SÚA EXECUCIÓN.

ANTECEDENTES

Primeiro. Que a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do 22 de xullo de 2022, acordou, entre outros, aprobar o proxecto de “Mellora da seguridade viaria na EP 9101 O Grove-igrexas de San Vicente, desde o p. q. 1+000 ata o p. q. 2+550 (concello do Grove)”, cun orzamento base de licitación de 551.783,74 € (IVE engadido).



O proxecto, aprobado en maio 2021, por importe de 456.019,62 € e 95.764,12 € de IVE, cun total de 551.783,74 €, foi realizado polo enxeñeiro Pablo Blanco Ferreiro, adscrito á empresa Estudio Técnico Gallego, S. A., con número de Colexiado 22.992 do Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos de Galicia.

Que polo Servizo de Intervención emitiuse un documento RC por importe de 551.783,74 €, con cargo á aplicación orzamentaria 22/456.4530.612.02.

Segundo. Que a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do 16 de setembro de 2022, aprobou o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da obra “Mellora da seguridade viaria na EP 9101 O Grove-igreja de San Vicente, desde o p. q. 1+000 ata o p. q. 2+550 (concello do Grove)”, cun orzamento base de licitación de 551.783,74 € (IVE incluído).

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil de Contratación da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) o 21 de setembro de 2022. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Terceiro. Que a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do 9 de decembro de 2022, adoptou entre outros, o acordo de adxudicarlle á empresa Construcciones, Obras y Viales, S. A., o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Mellora da seguridade viaria na EP 9101 O Grove-igreja de San Vicente, desde o p. q. 1+000 ata o p. q. 2+550 (concello do Grove)”, por importe de 511.779,42 € (IVE incluído).

CONSIDERACIONES

Primeira. O 7 de decembro de 2021 publicouse no Boletín Oficial do Estado o Real decreto 1070/2021, de 4 de decembro, polo que se regula a concesión directa dunha subvención á FEMP para reforzar a promoción de estilos de vida saudable a través da creación ou rehabilitación de contornas saudables, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

Este real decreto desenvólvese a través de convenios-programa entre a FEMP e o Ministerio de Sanidade para a realización de accións destinadas á promoción de estilos de vida saudables a través da creación ou rehabilitación de contornas saudables.

No ámbito destes convenios-programa a FEMP publicou na súa páxina web o 21 de novembro de 2022 as bases reguladoras e a segunda convocatoria de axudas destinadas a proxectos que executen as entidades locais para a creación ou rehabilitación de espazos saudables e contribúan a alcanzar os obxectivos do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, panca VI, compoñente 18, investimento 2 (C18.I2), financiado co Mecanismo de recuperación e resiliencia. Estas axudas teñen a natureza de subvención.

No artigo 3.1 das citadas bases establécese que “poderán ser beneficiarias destas axudas as entidades locais pertencentes á Rede Española de Cidades Saudables (RECS) cuxa adhesión á rede estea aprobada con anterioridade á data de finalización do prazo de solicitude da axuda”.

Segunda. A Deputación de Pontevedra pertence á RECS. No apartado 2 do artigo 3 das bases reguladoras establécese que, para poder alcanzar a condición de beneficiarias, as entidades deberán:

- a) Atoparse ao corrente de pagamento da cota anual á RECS . Sen que sexa de aplicación o pagamento das cotas correspondentes ao ano de publicación da convocatoria.



- b) *Non concorrer nalgunha das circunstancias invalidantes para conseguir a condición de entidade beneficiaria previstas no artigo 13, apartado 2 e 3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.*
- c) *Ser titulares dos terreos sobre os que se realizará a actuación solicitada ou contar coa súa dispoñibilidade por un prazo igual ou superior a 5 anos, desde a data de solicitude do proxecto, en virtude do instrumento xurídico correspondente que garanta o seu uso público. No caso das deputacións provinciais, cabidos ou consellos insulares que non ostenten esa titularidade, terá validez o acordo adoptado co municipio titular do terreo sobre o que se prevé executar a actuación. No entanto, o municipio deberá acreditar a súa titularidade.*

A presidenta desta Deputación Provincial, de acordo cos antecedentes e consideracións precedentes e vista a documentación obrante no expediente para a solicitude de axuda á FEMP,

RESOLVE:

PRIMEIRO. Solicitarlle axuda á FEMP para a execución da actuación denominada “Mellora da seguridade viaria na EP 9101 O Grove-igrexca de San Vicente, desde o p. q. 1+000 ata o p. q. 2+550 (concello do Grove)”, con prioridade 1 no marco da segunda convocatoria de axudas para a realización de actuacións da C18.I2 do Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiadas a través do instrumento europeo de recuperación NextGenerationEU.

SEGUNDO. Asumir os compromisos esixidos nas bases reguladoras e convocatoria de axudas para a realización de accións destinadas á promoción de estilos de vida saudables a través da creación ou rehabilitación de contornas saudables no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

Contra esta resolución que lle pon fin á vía administrativa, poderá interpor un recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditase, no prazo dun mes a partir do día seguinte á súa notificación (artigos 112 e ss. e 124 e ss. da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas), ou ben, directamente un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra segundo o disposto no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo establecido no artigo 46 da citada lei). Todo iso sen prexuízo de que poida utilizar calquera outro recurso que se estime pertinente.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

Dáselles traslado a Intervención, a Presidencia, a Secretaría Xeral, a Infraestruturas e Vías Provinciais, e á Federación Española de Municipios e Provincias.”

16.32640.- RATIFICACIÓN DA SOLICITUDE DE AXUDA Á FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEMP) PARA A EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA EP-2502 CERQUIDO-RIBADELOURO DENDE O PK 1+950 ATA O PK 2+150 (CONCELLO DE TUI)”(Expte.202244735)

De conformidade co disposto na Guía de execución e xustificación das convocatorias de axudas para a promoción de estilos de vida saudable, a través da creación ou rehabilitación de contornas saudables, en relación coa listaxe de documentación de xustificación, no punto 14, como “Outros documentos xustificativos obrigatorios na execución do proxecto”, requírese a presentación da “ratificación da aprobación do proxecto en órgano competente, acordo de Pleno ou Xunta de Goberno, cando a solicitude do proxecto se realizase por resolución ou decreto de Alcaldía”.



Proposta de ratificación da Resolución presidencial do 7 de xullo de 2022, tramitada polo Servizo de Infraestruturas e Vías provinciais.

Tendo en conta todo o que antecede, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade ratificar a Resolución presidencial número 2022005115, de 7 de xullo de 2022, tramitada polo Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, e da cal deuse conta ao Pleno da Deputación en sesión de 29 de xullo de 2022, pola cal se acordou solicitar axuda á Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) para executar a actuación denominada “*Mellora da seguridade viaria na EP 2502 Cerquido-Ribadelouro, desde o p. q. 1+950 ata o p. q. 2+150 (Concello de Tui)*” e a asunción dos compromisos esixidos nas bases reguladoras e convocatoria de axudas para a realización de accións destinadas á promoción de estilos de vida saudables no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, cuxo contido literal é o seguinte:

“RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

<i>Expte.</i>	2022044735
<i>Asunto</i>	<i>Aprobación do proxecto singular denominado “Mellora da seguridade viaria na EP 2502 Cerquido-Ribadelouro desde o p. q. 1+950 ata o p. q. 2+150 (concello de Tui)” para a súa presentación á subvención para a realización de accións destinadas á promoción de estilos de vida saudables a través da creación ou rehabilitación de contornas saudables convocada pola Federación Española de Municipios e Provincias</i>
<i>Trámite</i>	RESOLUCIÓN DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN

A Presidencia, no uso das facultades que lle confire a normativa local vixente, dita a seguinte RESOLUCIÓN de APROBACIÓN DE PROXECTO E SOLICITUDE DE AXUDA Á FEMP PARA A SÚA EXECUCIÓN

ANTECEDENTES

Primeiro. O Pleno da Corporación provincial, en sesión extraordinaria celebrada o 10 de setembro de 2021, acordou aprobar inicialmente o proxecto de “Mellora da seguridade viaria na EP 2502 Cerquido-Ribadelouro, desde o p. q. 1+950 ata o p. q. 2+150 (concello de Tui)” cun orzamento de licitación de 468.243,90 €, que, ademais, consta no expediente dilixencia de aprobación definitiva.

O proxecto aprobado, de xuño de 2020, por un importe de 325.191,96 € e 81.265,47 € de IVE, cun total de 468.243,90 €, foi redactado por María Trinidad López Rodríguez, asistencia externa, con número de colexiada 24.216 do Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos de Galicia.

Segundo. Que a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do 4 de marzo de 2022, aprobou o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado da obra “Mellora da seguridade viaria na EP 2502 Cerquido-Ribadelouro, desde o p. q. 1+950 ata o p. q. 2+150 (concello de Tui)”. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil de Contratación da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) o 8 de marzo de 2022. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.



Terceiro. Que a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do 17 de xuño de 2022, adoptou, entre outros, o acordo de adxudicarlle á empresa Construcciones E. C. CASAS, S. L., o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Mellora da seguridade viaria na EP 2502 Cerquido-Ribadelouro, desde o p. q. 1+950 ata o p. q. 2+150 (concello de Tui)”, por un importe de 434.998,28 € (IVE incluído). O contrato asinouuse o 29 de xuño de 2022 e o anuncio de formalización do contrato publicouse na plataforma de contratación o 1 de xullo de 2022.

CONSIDERACIÓNS

Primeira. O 7 de decembro de 2021 publicouse no Boletín Oficial do Estado o Real decreto 1070/2021, de 4 de decembro, polo que se regula a concesión directa dunha subvención á FEMP para reforzar a promoción de estilos de vida saudable a través da creación ou rehabilitación de contornas saudables, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

Este real decreto desenvólvese a través de convenios-programa entre a FEMP e o Ministerio de Sanidade para a realización de accións destinadas á promoción de estilos de vida saudables a través da creación ou rehabilitación de contornas saudables.

No ámbito destes convenios-programa a FEMP publicou na súa páxina web o 10 de xuño de 2022 as bases reguladoras e a convocatoria de axudas destinadas a proxectos que executen as entidades locais para a creación ou rehabilitación de espazos saudables e contribúan a alcanzar os obxectivos do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, panca VI, compoñente 18, investimento 2 (C18.I2), financiado co Mecanismo de recuperación e resiliencia. Estas axudas teñen a natureza de subvención.

O 16 de xuño de 2022 a FEMP publicou a modificación das bases; no artigo 3.1 recollíase que “poderán ser beneficiarias destas axudas as entidades locais pertencentes á Rede Española de Cidades Saudables (RECS) cuxa adhesión á rede estea aprobada con anterioridade á data de finalización do prazo de solicitude da axuda”.

Segunda. A Deputación de Pontevedra pertence á RECS. No apartado 2 do artigo 3 das bases reguladoras establécese que, para poder alcanzar a condición de beneficiarias, as entidades deberán:

- a) Atoparse ao corrente de pagamento da cota anual á RECS sen que sexa de aplicación o pagamento das cotas correspondentes ao ano de publicación da convocatoria.*
- b) Non concorrer nalgunha das circunstancias invalidantes para conseguir a condición de entidade beneficiaria previstas no artigo 13, apartado 2 e 3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.*
- c) Ser titulares dos terreos sobre os que se realizará a actuación solicitada. No caso das deputacións provinciais, cabidos ou consellos insulares, que non ostenten esa titularidade, terá validez o acordo adoptado co municipio titular do terreo sobre o que se prevé executar a actuación. No entanto, o municipio deberá acreditar a súa titularidade.*

A presidenta desta Deputación Provincial, de acordo cos antecedentes e consideracións precedentes e vista a documentación obrante no expediente para a solicitude de axuda á FEMP,

RESOLVE:

PRIMEIRO. Solicitarlle unha subvención á FEMP, no marco da Convocatoria de axudas para a realización de actuacións da C18.I2 do Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiadas a través do instrumento europeo de recuperación NextGenerationEU para a execución da actuación denominada “Mellora da seguridade viaria na EP 2502 Cerquido-Ribadelouro, desde o p. q. 1+950 ata o p. q. 2+150 (concello de Tui)”, conforme ao proxecto aprobado polo Pleno da Corporación referenciado no antecedente primeiro da presente resolución.



SEGUNDO. Asumir os compromisos esixidos nas bases reguladoras e na convocatoria de axudas para a realización de accións destinadas á promoción de estilos de vida saudables a través da creación ou rehabilitación de contornas saudables no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

Contra esta resolución que lle pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditase, no prazo dun mes a partir do día seguinte á súa notificación (artigos 112 e ss. e 124 e ss. da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas), ou ben, directamente un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra segundo o disposto no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa no prazo establecido no artigo 46 da citada lei).

Todo isto sen prexuízo de que poida utilizar calquera outro recurso que se estime pertinente.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

Dáselles traslado a Intervención, a Presidencia, a Secretaría Xeral, a Infraestruturas e Vías Provinciais, e á Federación Española de Municipios e Provincias”.

Documento asinado dixitalmente”

17.32641.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

18.32642.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar pola Sra. Presidenta, sendo as once horas e vinte minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina a Ilma. Sra. Presidenta, comigo, o Secretario que dou fe.

